



### CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º E.P.

A avaliación do alumnado será continua e estará inmersa no proceso de aprendizaxe, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e adoptar as medidas necesaria para mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave.

A avaliación será global en canto se referirá ás competencias clave e aos obxectivos do curso así como á evolución do alumnado no conxunto das áreas que o integran, tendo sempre en conta as características e capacidades individuais.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis establecidos para o curso e para todas as áreas.

A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente as capacidades e características de cada nen@, así como os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptaciónes curriculares significativas, no caso de habelas.

#### Criterios de cualificación

Criterios de cualificación	Valoración	Instrumentos utilizados
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	50%	-Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre -Rúbricas de avaliación
Realización do traballo en clase: -realización adecuada do traballo -organización dos materiais -presentación do caderno	30%	-Caderno -Rexistro de actividades de clase -Rexistro de organización de materiais
Realización do traballo na casa: deberes e traballos específicos	10%	-Rexistro de entrega de deberes -Puntuación da corrección dos deberes
Valoración de actitudes na aula: -atención -participación -esfuerzo -colaboración	10%	-Rexistro de participación -Rexistro de actitude na clase -Rexistro de valoración dos compañeiros

## **METODOLOXÍA**

A metodoloxía é activa e participativa, o alumnado ocupa un lugar central en todo o proceso de ensino-aprendizaxe. As propostas son as seguintes:

-Aprendizaxe partindo da manipulación: utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido dende o concreto.

-Aprendizaxe cooperativa: propón un conxunto de actividades que propicien a interacción dos nenos/as co medio, cos seus compañeiros e coa mestra.

-Atención ás intelixencias múltiples: busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións do día a día para desenvolver capacidades que lles aporten flexibilidade e creatividade á hora de enfrentarse a novos retos.

-Aprender a pensar: o obxectivo final é a aprendizaxe real, profunda e significativa, transferible a outras facetas da vida cotiá.

A defensa da nosa cultura, o noso idioma, a inclusión de valores tan necesarios na sociedade actual como a ecoloxía, a multiculturalidade, o respecto, a igualdade ... constitúen un eixo fundamental no desenvolvemento desta metodoloxía.